



CONVOCATORIA 25-N

Acción colectiva de visibilización e repulsa das violencias machistas **#CoruñaEnNegro**

Desde a Concellaría de Igualdade e Diversidade convocámosvos a participar nas accións de visibilidade e repulsa das violencias machistas, sumando a vosa voz e/ou imaxen á campaña **Coruña en negro, contra as violencias machistas**.

Este venres **25 de novembro**, *día internacional da non violencia ás mulleres*, daremos lectura en María Pita á declaración institucional do Concello da Coruña (ás 11.00 horas) e despois faremos unha foto colectiva diante do Concello, con todas as persoas que queiran sumarse na denuncia e solidariedade.

Solicitamos a vosa participación, acudindo a esta convocatoria. Se podedes, vide de negro, e/ou con materiais da campaña #CoruñaEnNegro. Se aínda non tedes, podedes solicitalos directamente na Concellaría de Igualdade e Diversidade a través do correo senviolenciasmachistas@coruna.es ou ben acudindo o mesmo día 25, algo antes, xa que repartiremos máis camisetas a partires das 10.30 horas.

Se non podedes acudir presencialmente, pedímosvos que vos sumedes enviando a vosa foto ou a foto da equipa de traballo con algún dos materiais da campaña #CoruñaEnNegro para difundir a través das redes sociais e incluír na galería de fotos desta iniciativa. Se queredes envialas directamente ás redes sociais a través dos vosos perfís, usade a etiqueta #CoruñaEnNegro da nosa campaña local e tamén a de #EnNegroContraAViolencia que é a da campaña colectiva dos 15 concellos que participamos na mesma iniciativa.

Axúdanos a mostrar que somos moitas as persoas que **queremos A Coruña libre de violencias machistas!**